A Virxe María. Os Apóstolos. A Semana Santa. O Espírito Santo.	Distinguir algúns persoaxes bíblicos significativos, a figura da Virxe María e os apóstolos. Comprender que Cristo móstranos o seu amor morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos ao seu espírito.
Templo: obxectos. Oracións sinxelas: O NosoPai. Costumes. Catedral, Ermita, Igrexa.	Identificar o significado dos símbolos cristiáns e do templo. Recoñecer a raíz das festas cristiáns. Coñecer obxectos que hai na igrexa.
O Bautismo: elementos.	Describir un Bautismo.

7. METODOLOXÍA.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa, participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Cada unha das unidades traballarase de acordo á seguinte metodoloxía:

- 1.Actividades de introdución –motivación: para provocar o interese dos alumnos.
- 3.Actividades orais de coñecementos previos: para saber cales son as ideas, opinións,acertos ou erros que teñen os alumnos sobre os contidos a tratar (preguntas, debuxos...)
- 4.Actividades de desenvolvemento: a través delas os alumnos póñense en contacto cos contidos.Lectura de cada unidade, clase expositiva do profesor, exercicios no caderno, individuais ou de grupo,con actividades de síntese –resumo de cada tema e actividades de memorización.
- 5.Actividades de consolidación: aplicando as novas aprendizaxes.Deberes do libro, encerado ou fichas.
- 6.Actividades de reforzo e ampliación: para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.Fichas adxuntas de cada unidade.
- 7.Actividades de avaliación: controis ao final de cada unidade (probas escritas e/ou

orais) Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Lingua Galega e Literatura :

Os alumnos han de avanzar na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos, dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área, os alumnos avanzarán no desenvolvemento das habilidades da linguaxe; por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Os contidos da área de Lingua Galega e Literatura están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contextos reais, polo que será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Na área de Ciencias da Natureza: Os alumnos han de coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións... polo que necesitamos que os nosos alumnos teñan ferramentas que posibiliten conseguir o proposto.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos avanzarán no desenvolvemento de estratexias de metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problemas, planificar e realizar actividades... para iso, o traballo en grupo cooperativo será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

Os contidos da área de ciencias da natureza están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado. Na área de Ciencias Sociais: Intégranse diversas disciplinas que estudan ás persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. O obxectivo das Ciencias Sociais é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva, por iso os alumnos han de iniciarse en coñecer, utilizar destrezas e estratexias para poder dar resposta a aquilo que se lles pide e que consigan o proposto.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos avanza na posta en práctica dos novos coñecementos, experimentar e comprobar a súa necesidade e utilidade reflexionando sobre o aprendido e sacando conclusións para a súa vida. Por iso, o traballo en grupo cooperativo será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o aprendido.

Os contidos da área de ciencias sociais están organizados arredor duns conceptos

fundamentais vinculados a contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Como elemento imprescindible dos principios metodolóxicos que se levarán a cabo ao longo de todas e cada unha das Unidades didácticas, establécense os recursos referidos a materiais e persoas, os cales veranse influenciados polas posibilidades que ten o centro educativo.

En canto aos **materiais** dispoñibles o centro conta coa axuda tanto da administración como do concello, polo que dispón de ordenadores e pizarra dixital. No centro tamén contamos con material para atender á diversidade do aula, como libros de texto, dicionarios, enciclopedias, xornais, fichas de reforzo e ampliación, laminas de diferentes áreas, guías didácticas, acceso a internet que nos permitirá utilizar programas informáticos, moi motivadores para os rapaces destas idades.

A nivel de aula, buscarase material diverso, variado e interactivo, tanto no que se refire ao contido como ao soporte. Tamén que permita o uso por parte de todos, que non sexa discriminatorio, e que cumpran unha serie de requisitos como que sexan seguros e facilmente manexables. Na aula contamos con variedade de materiais para o xogo, para traballar a linguaxe e a lectoescritura como contos, revistas, xogos de lectura, materiais de diferentes texturas para estimular as sensacións e as percepcións, materiais para traballar a lóxico-matemática como; xogos de mesa, de ordear, bloques lóxicos, crebacabezas, materiais para traballar a expresión plástica como; pinturas, témperas, rotuladores, telas, barro, fariña, plastilina, materiais audiovisuais e informáticos. E para utilizar no recreo, un areeiro, pelotas, cubos ou palas e para as sesións de psicomotricidade como poden ser: cordas, aros, pelotas ou colchonetas.

A escola está adscrita ao departamento de orientación do C.P.I de Xanceda onde contan con profesionais especializados para planificar o reforzo e apoio educativo aos alumnos con

NEAE. No centro existe unha coordinación entre os diferentes membros para mellorar a calidade educativa do alumnado. Así como tamén se establece un contacto continuo coas familias para informarles do proceso de aprendizaxe dos seus fillos, a través da hora semanal de atención a pais.

8-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación é elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, permítenos recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Débese estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

1.-FUNCIONES

Diagnóstico: Información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, os alumnos e as alumnas.

Prognóstico: Avance de expectativas sobre que pode ocorrer, para previr e resolver problemas.

Adaptación: Acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, con miras á máxima personalización do proceso educativo.

Orientación: Guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenvolvemento curricular.

Regulación: Facilitación e harmonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenvolvemento do currículo. Control: Certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos.

2.-OBXECTIVOS

- Pescudar a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, a oportunidade, o aproveitamento e a rendibilidade do deseño e do desenvolvemento curricular.
- Actuar en función do alumno e da alumna, atendéndoos como persoas, tanto individual coma socialmente.

- Proporcionar datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docentes, deseños e desenvolvementos curriculares, etc., para poder decidir o que mellor conveña.
- Obter información cuantitativa e cualitativa sobre a asimilación do programa e, xa que logo, sobre a súa eficacia.
- Constatar que se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas nos obxectivos curriculares.
- Avaliar axeitadamente o aproveitamento docente-discente para poder orientalo da mellor maneira.
- Coñecer exhaustivamente os elementos que integran o proceso educativo, en especial o alumnado, para poder elaborar diagnósticos o máis axustados posible.
- Informar á comunidade educativa, sobre todo aos pais, e solicitar a súa axuda.
- Motivar con vistas ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar información ás institucións recoñecidas que o requiran.
- Prognosticar e orientar as posibilidades dos alumnos e das alumnas e prever o fracaso escolar.
- Coñecer a calidade da actuación docente, individual e grupal, e do sistema educativo.
- Establecer programas de reciclaxe ante a detección de

malos resultados. 3.-MODALIDADES

- Avaliación inicial, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

-Avaliación formativa - continua, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que

require unha avaliación inicial previa.

- Avaliación sumativa, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

CARACTERÍSTICAS

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.
- Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global

9.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A **cualificación** acadada polo alumnado estará baseada en tres **criterios**:

- O 60% estará baseado no traballo diario na clase: libros, libretas, fichas...
- O 20 % da cualificación basearase en probas orais e escritas por trimestre, probas para valorar o progreso lectoescritor, probas orais para valorar a adquisición de conceptos, rexistros de expresión oral, rexistros de comprensión lectora etc.)
- O 20% restante condicionado á participación activa e colaboración nas actividades do centro e da aula. Valoraranse actitudes como: atención, esforzo, colaboración e autonomía.

A avaliación será contínua nas Linguas e na área de Matemáticas, polo que o alumnado que aprobe a 3ª avaliación terá superada a materia. A nota final se

corresponderá coa nota da 3ª avaliación. Nas áreas de CCSS, CCNN e Valores, a nota final será a media das notas dos 3 trimestres.

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a **promoción** do alumnado. A decisión será adoptada de forma conxunta, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Cando un alumno ou alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

O alumno ou alumna **non promocióne** se non acada os mínimos nas seguintes materias:

- As dúas Linguas oficiais.
- Matemáticas e Lingua Galega ou Lingua Castelá
- Tres áreas, sendo unha delas un área instrumental.

Atendendo á orde do 2 de marzo de 2021, o alumno ten dereito aunha avaliación seguindo criterios obxectivos, e estes deben ser coñecidos polas familias. Por todo iso, promoverase acordos coas familias e cos propios alumnos e alumnas nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo. Estes compromisos adoptaranse na reunión de principios de curso que cada titor realiza cos pais dos seus alumnos.

9.1. Programación de actividades de reforzo para o alumnado que promociónen sen superar todas as áreas.

O profesor/a de área que acolla a un alumno/a procedente do curso anterior sen superar algunha das áreas do currículo deberá realizar, co apoio do

Departamento de Orientación, un programa de reforzo que recolla os seguintes aspectos:

- Obxectivos non acadados con anterioridade.
 - Secuenciación de obxectivos non acadados para desenvolver no nivel actual.
 - Secuenciación de contidos para acadar os obxectivos.
- Criterios de avaliación para valorar cando se acadan os obxectivos do nivel anterior.

Unha copia deste programa de reforzo deberá entregarse á xefatura de estudos no mes de setembro do inicio do novo nivel.

Trimestralmente farase unha avaliación da evolución do/a alumno/a e dos axustes introducidos no programa de reforzo.

Cando o/a alumno/a acade os obxectivos do nivel anterior, o/a profesor/a da área correspondente elaborará un informe para achegar ao programa de reforzo no que se fará constar tal circunstancia.

9.2 Plan de Reforzo para o alumando con materias pendentes e o alumnado repetidor.

1º.- FINALIDADE

Ordenar as actuacións realizadas no centro para facilitar a superación dos obxectivos e capacidades non alcanzados polo alumnado no curso pasado e que promocionaron con materias pendentes, así como facer un seguimento da evolución do alumnado que permaneceu un ano máis no mesmo curso.

2º.- ORGANIZACIÓN

O profesorado titor na avaliación do terceiro trimestre deixa un informe do grao

de consecución das competencias básicas e dos estándares de aprendizaxe de aqueles alumnos/as que deban permanecer un ano máis no mesmo curso ou que vaian a cursar con materias pendentes.

En función do informe deixado polo titor na avaliación do terceiro trimestre e dos resultados da avaliación inicial, o titor/a ou especialista, do presente curso, fai un programa individualizado de recuperación ou reforzo.

Este programa deberá contar cun calendario de actividades así como dun procedemento de avaliación das mesmas. Farase un seguimento trimestral da evolución e desenvolvemento do alumnado así como da idoneidade das medias propostas. O profesorado titor terá que poñer en coñecemento dos pais/nais os programas individualizados levados a cabo para os seus fillas/os.

3º.- PROFESORADO RESPONSABLE

Corresponde ao profesorado titor e a os especialistas (de haber materias das diferentes especialidades suspensas) a realización dos programas. Os Departamentos de Orientación colaborarán na identificación das necesidades educativas coas persoas titoras e nas medidas e programas para a atención das mesmas.

10 INDICADORES DE LOGRO

	Moi satisfactorio	Bastante satisfactorio	Suficiente	Pouco satisfactorio	Nada satisfactorio
--	-------------------	------------------------	------------	---------------------	--------------------

De ser o caso, ¿que competencia/s non se desenvolven no grupo segundo o previsto?	1. Comunicación lingüística (CCL).		5. Competencias sociais e cívicas (CSC).		6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
	2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).				7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).
	3. Competencia dixital (CD).				
	4. Aprender a aprender (CAA).				
De ser o caso ¿que alumno ou alumnos presentan dificultades no desenvolvemento dalgunha/s competencias	Alumno/a			Competencia/s (<i>sinalar o número/números</i>)	
Observacións, propostas de mellora,...					

a) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.

	Moi satisfactorio	Bastante satisfactorio	Suficiente	Pouco satisfactorio	Nada satisfactorio
Valoración das aprendizaxes alcanzadas polo alumnado.					
Valoración dos procedementos de avaliación.					
Observacións, propostas de mellora,...					

b) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.

	Moi satisfactorio	Bastante satisfactorio	Suficiente	Pouco satisfactorio	Nada satisfactorio
Grao de desenvolvemento das programacións docentes					
Grao de adecuación das programacións ao alumnado					
Grao de eficiencia das medidas curriculares e organizativas					
Observacións, propostas de mellora,...					

c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.

	Moi axeitadas	Bastante axeitadas	Suficientes	Pouco axeitadas	Nada axeitadas
Valoración das medidas de atención á diversidade aplicadas					
Observacións, propostas de mellora,...					

d) Clima de traballo na aula.

	Moi satisfactorio	Bastante satisfactorio	Suficiente	Pouco satisfactorio	Nada satisfactorio
Valoración do clima de traballo na aula					
Observacións, propostas de mellora,...					

e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

	Moi satisfactoria	Bastante satisfactoria	Suficiente	Pouco satisfactoria	Nada satisfactorio
Valoración da coordinación entre o profesorado.					
Valoración da relación co alumnado.					
Valoración da relación coas familias.					
Observacións, propostas de mellora,...					

11.-DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

A Avaliación Inicial levarase a cabo nos primeiros días do curso. Servirá para planificar a intervención educativa a partir das capacidades e necesidades do grupo.

Deberá aportar:

- ⌚ Información sobre o contexto escolar no que se move o alumno (profesorado, recursos do centro ...)
- ⌚ Datos relativos ao entorno sociofamiliar do alumnado (que expectativas se teñen do proceso de aprendizaxe, as posibilidades de axuda e colaboración da familia...)
- ⌚ Coñecementos previos do alumnado e as súas competencias con respecto ao currículo (mediante probas orais e escritas)
- ⌚ Axuda para definir a intervención educativa que se vai levar a cabo priorizando aqueles aspectos deficitarios precisos para o desenvolvemento das competencias básicas.
- ⌚ Información sobre as estratexias de aprendizaxe que o alumno emprega para a incorporación de coñecementos.

En definitiva, será o referente para contrastar os avances obtidos ao longo do proceso de ensino- aprendizaxe levado a cabo.

Para realizar a Avaliación Inicial do grupo-clase utilizaranse os seguintes instrumentos:

- 🕒 Consulta do expediente académico dos alumnos e informes previos dos distintos profesionais que atenderon ao grupo.
- 🕒 Coñecemento das instalacións, materias e posibilidades humanas e materiais de que dispón o centro.
- 🕒 Entrevistas coas familias.
- 🕒 Probas orais e escritas, así como a observación directa do traballo do alumno e as estratexias que emprega para realizalo

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

En primeiro lugar debemos facer referencia a definición do que se coñece como “ atención a diversidade”, posto que temos que ser conscientes de que nas nosas aulas existe e aparece reflectida nas diferenzas que presentan os nosos alumnos en canto a ritmos de aprendizaxe, coñecementos previos e intereses, así partindo do que se establece no art.3º do **Decreto 229/2011 de 7 de Decembro**, polo que se establece á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **L.O.E** define a atención a diversidade como “o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”, sendo estas medidas incluídas no Plan Xeral de Atención a Diversidade de cada centro e formando parte este a súa vez do PE. Así tamén na **L.O.E** recóllense como principios educativos os de: unha educación para todo o alumnado, a equidade e a igualdade de oportunidades. Por outra banda, na nesta mesma lei tamén se reflicte que as administracións educativas dispoñerán dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na presente Lei.

É por isto que a miña programación debe ter en conta todas estas diferencias e que eu, como mestra, debo prever que todos os meus alumnos/as adquiran un nivel de coñecementos e destrezas mínimas da etapa, intentando ofrecerlles tódalas oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e as destrezas que non adquiriron no seu momento. Tamén debo prever novas fontes de información e novos materiais para satisfacer as necesidades de ampliación de tódolos alumnos/as que o precisen.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial. ITEMS

--Número de alumnos:

- Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...):
- Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?
- Que necesidades identificas e como as vas abordar? (*Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...*).
- Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competencias?

Necesidades individuais. ITEMS

- Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (*Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e con outras necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...*).
- Que medidas organizativas vas adoptar? (*Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual*).
- Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?
- Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?
- Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

Os centros docentes para adecuar a resposta educativa á diversidade conta coas seguintes medidas:

Medidas Ordinarias: son todas aquelas medidas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Medidas extraordinarias: son todas aquelas medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de

carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

MEDIDAS ORDINARIAS

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

- e) Programas de diversificación curricular.
- f) Programas de cualificación profesional inicial.
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

12.1. Actividades de reforzo e recuperación.

Nos alumnos con pequenos problemas de aprendizaxe e/ou conduta as adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Metodoloxía mais personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.

Alumnos con dificultades graves de aprendizaxe

a) Para os mellor dotados, facilitaranse contidos e material de ampliación.

b) Para os peor dotados, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, diante da imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais. Estas adaptacións serán significativas (supoñerán eliminación de contidos, obxectivos e os conseguintes criterios de avaliación referidos a aprendizaxes que poden considerarse básicas ou nucleares).

12.2. Medidas de atención á diversidade no caso de non presencial.

Prestarase especial atención á identificación do alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable e prepararanse plans específicos de recuperación do vínculo escolar e de reforzo que lles axuden a reincorporarse á actividade educativa tan pronto como sexa posible. Os centros darán traslado de ditos plans específicos á inspección educativa.

Farase especial esforzo na identificación do alumnado que carece de medios de conexión dixital e arbitraranse as medidas necesarias e facilitarase o uso de distintos tipos de dispositivos adecuados para a atención educativa a este alumnado.

Intensificarase a posta a disposición do alumnado dos recursos tecnolóxicos e doutro tipo que necesiten para o desenvolvemento das súas actividades, e desenvolverase a formación e ferramentas adecuadas para permitir que o alumnado obteña o maior proveito da metodoloxía non presencial.

Coa finalidade de axudar ao alumnado a organizar as súas actividades escolares, autorregular a súa aprendizaxe e manter un bo estado emocional, os centros educativos adaptarán o modelo de titorías.

Os centros educativos organizarán os seus recursos de apoio para favorecer na medida do posible a axeitada atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, favorecendo o seu acceso ao currículo por medio da adaptación dos instrumentos, tempos e apoios que aseguren una adecuada atención e avaliación deste alumnado. Porase, asemade, especial coidado na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

Trataremos de fomentar a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que todo o alumnado poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Así mesmo, na aula promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non- discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Este aspecto traballarase sobre todo desde o plan de acción titorial, normas de aula, traballos grupais mixtos (métodos cooperativos e participativos onde os nenos e nenas asuman as mesmas responsabilidades, tanto nas actividades propias da aula como na vida do centro.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Estes valores traballarase tamén tendo como base o plan de acción titorial, tendo como eixe vertebrador as normas da aula e do centro. A comezos de curso, acordaranse unhas normas de aula, que se irán interiorizando pouco a pouco na repetición das rutinas diarias. Por outro lado, tamén se explican e recordan aos nenos unhas normas sinxelas de comportamento no centro. Utilizaremos o reforzo positivo ou negativo, a

análise e a reflexión sobre a conduta. Se houber algún caso conflictivo, empregaremos algún programa de habilidades sociais.

Tamén se educará nos valores cívicos e constitucionais, e promoveranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e a prevención de calquera tipo de violencia.

Promoveranse actitudes que axuden á prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual , e previr a violencia de xénero e non discriminación.

No ámbito da educación e da seguridade viaria trataremos de incorporar actividades e promoveremos accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peóns, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes.

Desenvolveranse tamén actividades que promovan o desenvolvemento sustentable e o coidado do medio ambiente. Fomentaremos a reciclaxe e a reutilización: na aula hai unha caixa de reciclaxe na que os nenos depositan o papel para tirar.

No que respecta ao fomento do espírito emprendedor e iniciativa, neste nivel traballarase sobre todo o desenvolvemento da iniciativa a través de traballos cooperativos, nos que os membros do grupo asumirán diferentes responsabilidades. Nestes pequenos proxectos de investigación asumirán o rol que lle corresponda, planificaran o traballo, elaborarán as normas do equipo, buscarán a información e plasmarana para finalmente, expoñer diante dos seus compañeiros os resultados do seu traballo. Estes pequenos traballos desenvolveranse sobre todo nos proxectos que se traballen na aula.

A nivel individual promoveremos a autonomía do neno, a responsabilidade e o esforzo.

14.. FOMENTO DAS TICS

Comezarei a integrar tamén as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. É unha realidade que na Sociedade da Información na que vivimos o acceso á información a través das novas tecnoloxías é un claro determinante para establecer diferencias sociais. O adecuado uso das novas tecnoloxías como ferramenta principal de acceso á información é a razón da existencia do Plan de Integración das TIC proposto pola **L.O.E. (Lei orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de Educación)** coa finalidade de desenvolver a competencia dixital nos nosos alumnos/as. Dándolle vital importancia ó desenrolo dun espírito crítico fronte a información recibida.

Algunha das actividades que levaremos a cabo neste sentido son as seguintes:

- Introducirémolos no uso do equipo informático.
- Comezaremos con sinxelos procesos de búsqueda en Internet, sempre baixo a miña tutela xa que considero que aínda non teñen criterio para elixir a información apropiada na inmensidade de posibles resultados obtidos.
- Empregaremos o programa Google Earth en distintas unidades.
- Empregaremos xogos de ordenador relacionados como recurso didáctico.
- Veremos vídeos relacionados cos temas traballados.

15- MOMENTO DE LER

O Plan Lector adicarase 20 minutos despois do recreo. O alumnado empregará os libros da biblioteca de aula de maneira individual, establecendo as medidas marcadas polas Instrucións de Organización e Funcionamento das Bibliotecas Escolares.

OBXECTIVOS

- 🕒 Espertar o interese e o gusto pola lectura a través de distintos tipos de textos (contos, rimas, adiviñas, poemas, ...)
- 🕒 Aumentar a comprensión lectora e o vocabulario dos alumnos/as.
- 🕒 Ser capaces de contar unha historia ou expresar a súa idea principal

despois de tela escoitada ou lida.

- ⌚ Ler con fluidez e entoación, de acordo a súa idade.
- ⌚ Elaborar textos propios axeitados ao seu nivel.
- ⌚ Desenrolar unha actitude de coidado no manexo dos libros de texto e da biblioteca en xeral.
- ⌚ Potenciar o uso da biblioteca do centro e da aula.

ACTIVIDADES

- Lectura diaria na clase.
- Padriño lector: Os nenos de primaria fan lectura de contos aos nenos de infantil.
- Realización de fichas de lectura cun debuxo, e a medida que avanzan na lectoescritura acompañalo con texto.
- Traballar rimas, poemas, adiviñas....
- Narrar contos coa voz, con expresividade e entoación.
- Levar un libro da biblioteca para a fin de semana, e incluso levar calquera libro para a súa familia adaptado aos seus intereses e seleccionado polo neno/a..
- Invitar ás familias, ao profesorado e a outros alumnos do centro para que nos ofrezan calquera tipo de narración, representación ...
- Coidar e respectar o estado dos libros que utilizamos.
- Ordear axeitadamente os libros de biblioteca e da aula.

16. MATERIAIS DIDÁCTICOS

- Área de Matemáticas: Matemáticas 2. ANAYA
- Área de Lengua Castellana: Lengua 2. ANAYA
- Ciencias Sociais 2. ANAYA
- Ciencias da Natureza 2. ANAYA
- Primeiro idioma extranxeiro: POPTROPICA ENGLISH. PEARSON.. ACTIVITY BOOK

Outros materiais:

- Observación directa: demostracións do profesor, obxectos ou información aportados polos propios alumnos...
- Simbólicos: libros de consulta ou representación gráfica en xeral.
- De reciclaxe: xornais, revistas...

Como recurso didáctico utilizaranse, entre outras, as seguintes webs:

<http://www.ceiploreto.es/>

<http://segundodecarlos.blogspot.com.es/>

<http://www.actiludis.com/>

<http://algoritmosabn.blogspot.com.es/>

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Celebraranse as datas sinaladas na Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022, nos centros sostidos con fondos públicos. Estas conmemoracións poderán ser organizadas polas titoras do grupo na aula, ou realízanse de maneira colectiva no centro a través dos distintos equipos e dinamizacións.

Segundo consta na PXA o alumnado de 2º en conxunto co de infantil, realizará as saídas que se consideren sempre e cando a situación sanitaria así o permita e as medidas que se tomen aporten seguridade.

Ademais da participación nas actividades, celebracións e conmemoracións que aparecen no plan de actividades dos distintos equipos de centro, programamos a realización das seguintes saídas:

- **Celebración Magosto**

- **Conmemoración do Nadal**
- **Celebración do Entroido (2º trimestre)**
- **Outras actividades culturais programadas polo Concello de Mesía.**

Calquera outra actividade de interese que se realice dentro do horario lectivo.

Estas actividades poderán ser ampliadas, reducidas ou modificadas ao longo do curso e sempre tendo en conta as medidas sanitarias debido ó Covid-19.

18.PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN DOCENTE

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, avaliaranse os seguintes indicadores:

- **Desenvolvemento da programación na clase.**
- **Relación entre obxectivos e contidos.**
- **Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.**
- **Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.**

Ao final de curso farase unha memoria recollendo os resultados, que formarán parte da memoria do curso elaborada polo centro. Para a súa elaboración seguiranse as pautas marcadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica

19.AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

20.MEDIDAS PRECISAS PARA COMUNICAR ÁS FAMILIAS OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os pais, as nais ou as

persoas que exerzan a titoría legal deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, das súas fillas ou das persoas que tutelen, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos seus fillos, fillas ou persoas tuteladas.

Cada trimestre entregaráselle o boletín de notas ás familias, como información do proceso de aprendizaxe do seu fillo ou filla, e establécense os martes de 14:30 a 15:30 para falar de calquera asunto relacionado co proceso educativo do neno/a solicitando cita con anterioridade co fin de mellorar a efectividade da mesma.

De ser posible as titorias realizaranse presencialmente ou utilizaranse pola situación actual algún destes medios: teléfono, Aula Virtual ou abalarMóbil.

Ademais poderán consultar os documentos do centro, así como as novas máis importantes na páxina web do centro.

En setembro antes do comezo das clases está prevista unha reunión xeral cos pais/nais do seu alumnado, na cal, ademais de tratar temas xerais, se lles explicarán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

21. CONCLUSIÓN

Para concluír sinalar a importancia da elaboración da presente programación, para poder proporcionar entre outras cousas, unha educación de calidade a tódolos cidadáns, sendo este un dos principios que se establecen *na L.O.M.L.O.E (Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro que modifica a L.O.E) e, alcanzalo non sería posible sen unha programación previa das tarefas que se van a levar a cabo na aula, evitando así un desenrolo arbitrario das mesmas a improvisación e a espontaneidade.*

Entendo a programación didáctica como unha guía, que axuda e orienta o traballo diario dos mestres e mestras, xa que todos sabemos que o traballo nas aulas é imprevisible, e tendo sempre en conta a diversidade do noso alumnado, estando sempre alerta e dispostos a atender en todo momento as posibles necesidades específicas que poidan

xurdir nas nosas aulas.

Tendo en conta e en palabras de Karl A. Menninger que “ o que se lle de aos nenos, os nenos o darán a sociedade”.

ANEXO

ADAPTACIÓNS NECESARIAS Á DOCENCIA NON PRESENCIAL

- Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena

No caso que no centro se producira a situación de alumnado en corentena, empregariamos , a páxina do mesmo e a aula virtual que se está a elaborar para poder marcar unas tarefas, vídeos explicativos, foro de dúbidas, etc. Así tamén, estar en contacto coas familias a través de chamadas ou videoconferencias a través de Webex para resolver calquera dúbida posible.

Isto poderá variar en función das circunstancias e de cada situación, tendo en conta as posibilidades tecnolóxicas que posúa cada familia.

- Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais

Do mesmo xeito, no caso de ter que suspender as clases presenciais, o que teríamos máis en conta para continuar traballando dun xeito ordeado sería a páxina web da mesma, así como a aula virtual.

Estableceríase unha programación diaria ou semanal en vista das circunstancias, vídeos explicativos, titorías vía webex co alumnado, tarefas colgadas para cada día, contacto telefónico, etc.

Sempre tendo en conta as posibilidades tecnolóxicas de cada familia e adaptándonos a posibles situacións que poidan xurdir.

O desenvolvemento da programación nesta casuística intentaríase levar coa maior normalidade para cumprir os obxectivos e acadas as competencias.